

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de novembro de 2021**

Ás 17.30 horas do día 17 de novembro de 2021, reúnese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de outubro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 20 de outubro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE CATRO PUBLICACIÓNS FEITAS DENTRO DO PLAN DE PUBLICACIÓNS DO EXERCICIO 2021.-

O presidente da comisión explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da/do deputada/o non adscritos (2), ea abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

Fixar o prezo público das seguintes edicións, dentro do Plan de publicacións do exercicio 2021, para dar conformidade á Ordenanza provincial reguladora dos prezos públicos, publicada no BOP n.º 17, do 22 de xaneiro de 2011:

OBRAS	Custo maqueta e impresión	P.V.P proposto
CID RUMBAO, ALFREDO: <i>Alfonso X O Sabio de Ourense</i>	Maqueta e impresión 4.000 €. Número de exemplares: 500 P.V.P. estimado para cada exemplar: 8 € P.VP. final proposto 8 €	8 € [IVA incluído]
GÓMEZ QUEVEDO, MARÍA BELÉN: <i>Ribeira Sacra. El pasado es presente</i>	Maqueta e impresión: 8.900 € Número de exemplares: 500 P.V.P. estimado para cada exemplar: 17,80 € P.VP. final redondeando 17 €.	17 € [IVA incluído]

CARBALLO CALERO RAMOS M^a VICTORIA <i>La</i> <i>transformación de una ciudad</i> <i>1880-1936</i>	Maqueta e impresión: 14.976 €. Número de exemplares: 500 P.V.P. estimado para cada exemplar: 29,952 € P.VP. final recomendado por querer a Deputación una grande difusión: 25 €	25 € [IVA incluído]
XVIII PREMIO PURA E DORA VÁZQUEZ: <i>O club de</i> <i>coleccionistas de selos</i>	Maqueta e impresión: 2.997,28 €. Número de exemplares: 600 P.V.P. estimado para cada exemplar: 4.99 € P.VP. final redondeando 5 €	5 € [IVA incluído]

3º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, PARA O EXERCICIO 2022

O Sr. interventor acctal. explica o con o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que van votar a favor, xa que se trata duns orzamentos que foron aprobados por todos os alcaldes que integran a asemblea deste Consorcio. Engade que parece que por fin se reconduce a situación desta entidade adscrita á Deputación, que entre os anos 2019 e 2020 estivo en grave risco, agora parece que se está poñendo ao día a recadación que fai a propia Deputación, o que está xerando unha queixa entre os veciños, xa que se lles están mandando recibos atrasados que non se enviaron no seu momento.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente o orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2022, conforme co proxecto aprobado pola Asemblea do Consorcio o 10 de novembro de 2021, por importe de 1.396.720,00 €, co seguinte resumo por capítulos:

Estado de gastos		
Capítulo 1	Gastos de persoal	363.528,00 €
Capítulo 2	Gastos bens correntes e servizos	1.032.492,00 €
Capítulo 3	Gastos financeiros	700,00 €
Total gastos		1.396.720,00 €

Estado de ingresos		
Capítulo 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.206.720,00 €
Capítulo 4	Transferencias correntes	190.000,00 €
Total gastos		1.396.720,00 €

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerarase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2022.

4º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2021

O Sr. interventor acetal. expón o contido da proposta.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que non tiveron moito tempo de examinar o expediente, xa que onte mesmo ela e os seus compañeiros de grupo regresaron de Madrid, unha vez concluída a reivindicación dun millón de pasos por Ourense, coa intención de facer visible o modus operandi que ten o goberno desta Deputación no reparto dos seus fondos, o cal fai de forma caciquil, premiando aos concellos gobernados polo Partido Popular en prexuízo do resto. Respecto ao expediente indica que se trata de aprobar facturas que carecen de título xurídico habilitante para o pago, e pregunta cal é a razón de que falten os informes dos servizos como o Réxime Interior e Cultura, para que se poidan aboar as respectivas facturas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, indica que se tivo ocasión de examinar o expediente verá que a proposta de recoñecemento destas facturas conta cos informes favorables de Intervención e de Vicesecretaría e que, en todo caso, no Pleno se darán as explicacións pertinentes.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, indica que en todo caso non lle parece que se lle respondesen as súas preguntas e insiste na necesidade de coñecer a razón pola que os servizos de Cultura e Réxime Interior non informasen as facturas incluídas no expediente.

O **presidente da comisión** insiste que no Pleno se contestará oportunamente.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e do deputado non adscrito, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos 2021 e **proceder á liquidación das prestacións relativas ás facturas que deseguido se detallan** como medio de obter o título xurídico necesario para á súa imputación ao orzamento corrente:

Núm. Factura	Data da factura	Provedor	Obxecto	Importe
--------------	-----------------	----------	---------	---------

VGSF-14610	25.08.2020	SEGURIDAD JAPÓN SL, co NIF: B-32171118	Mantemento do sistema de detección de incendios do edificio principal e da sala de informática – Anos 2018 e 2019	5.932,63 €
20-4	16.12.2020	FUNDACIÓN ARAGUANEY PONTE DE CULTURAS, co NIF: G-15075229	AMAL en ruta 2020	5.995,01 €
VGSF-14850	04.12.2020	SEGURIDAD JAPÓN SL, co NIF: B-32171118	Mantemento do sistema de detección de incendios do edificio principal e da sala de informática – Ano 2020	2.698,30 €
A-1: A:20/4151	31.10.2020	LHYP ASLYM LIMPIEZAS E HIGIENE PROFESIONAL SL, co NIF: B-36836161	Mantemento da limpeza no edificio de Correos durante a segunda quincena de outubro de 2020	1.197,90 €
EMIT-4	30.04.2021	NORTIDEAS COMUNICACIÓN SL, co	Contrato de patrocinio da	8.000,00 €
		NIF: B-15691629	rodaxe da curtametraxe “Non me espera ninguén”	

EMIT-544	15.06.2021	MADERAS SOTO SA, co NIF: A-32012288	Reposición de caseta de madeira calcinada no Punto Limpo de Calvos de Randín (Exp. núm.	10.036,95 €
O-2021/0799	31.05.2021	CONTENEDORES ESCOR VITORIA SL, co NIF: B- 01254952	Limpeza e aseo Unidade Provincial de Xestión de Lixo	9.378,63 €
O-2021/1183	30.06.2021	CONTENEDORES ESCOR VITORIA SL, co NIF: B- 01254952	Limpeza e aseo Unidade Provincial de Xestión de Lixo	8.579,82 €
2118300190	02.06.2021	AQUA OURENSE SOCIEDAD PROVINCIAL DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE SA, co NIF: A32390684	Asistencia técnica en Rede de Municipios Ourensáns cara a sostibilidade e observatorio da sostibilidade provincial ano 2020	46.464,00 €

5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

